



RECLAMACIÓNS DE NOTAS:

A normativa de referencia é a seguinte:

- [ORDEN de 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, de 15 de setembro , polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.](#)
- [ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.](#)

TRÁMITES E ACTUACIÓNS		PRAZO
As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado que non estean de acordo coas cualificacións ou decisión de promoción adoptadas na avaliación final poderán solicitar as aclaracións que consideren precisas á persoa titora ou ao profesorado, de acordo co procedemento establecido nas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro.		
Presentación	Solicitar por escrito á dirección do centro a revisión de dita cualificación ou decisión.	Dous días hábiles contados a partir do día seguinte da comunicación.
Revisión no centro	A dirección do centro trasladará á persoa titora da alumna ou do alumno a solicitude de revisión.	Nun máximo de dous días hábiles desde a finalización do prazo de solicitude de revisión, o equipo docente reunirse en sesión extraordinaria para



		revisar a cualificación final ou a decisión adoptada sobre a promoción da alumna ou do alumno.
	<p>O equipo docente trasladará o informe elaborado á dirección do centro, quen emitirá resolución coa decisión razoada de ratificación ou modificación da cualificación revisada ou da decisión de promoción.</p> <p>Esta resolución comunicarse por escrito á nai, ao pai ou á persoa titora legal da alumna ou alumno.</p>	Esta resolución poñerá fin ao procedemento de revisión de cualificacións finais.
	<p>Se, tras o proceso de revisión, procedese a modificación dalgunha cualificación final ou da decisión de promoción, a secretaría, co visto e prace da dirección do centro, anotará a oportuna dilixencia nas actas de avaliación e, no seu caso, no expediente e no historial académico.</p>	
Reclamación ante a Xefatura Territorial	<p>Se, tras o procedemento de revisión no centro, persiste o desacordo coa cualificación final ou coa decisión sobre a promoción, a nai, o pai ou a persoa titora legal da alumna ou alumno poderá presentar por escrito á dirección do centro docente unha reclamación ante a Xefatura Territorial correspondente.</p>	Dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada.



	A dirección remitirá o expediente á Xefatura Territorial.	Dous días hábiles.
	A Xefatura Territorial emitirá resolución motivada, que será comunicada de forma inmediata á Dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada, e se consignará nos correspondentes documentos oficiais de avaliación.	Quince días hábiles a partir da recepción do expediente. A resolución porá fin á vía administrativa.
	Se, tras o proceso de reclamación, procede a modificación dalgunha cualificación final e/o da decisión de promoción para a alumna ou alumno, a secretaría do centro, co visto e prace da dirección, expedirá a correspondente dilixencia nas actas, no expediente académico e no historial académico.	